

**Concreción anual**  
**Plan de Convivencia**  
**Curso 2018-2019**

---

**I.E.S. Manuel García Barros**

# Índice

## **1. Situación e contexto**

- 1. O centro páx. 3
- 2. A convivencia no 2017-2018 páx. 4

## **2. Concreción das actuacións para o curso 2018-2019**

- 1. Obxectivos páxs. 5 e 6
- 2. Formación páx. 6
- 3. Relacións interpersoais páxs. 6 e 7
- 4. Intervención directa páx. 7
- 5. Difusión na Comunidade Educativa páxs. 7 e 8

## **3. Relación entre as actuacións do Plan de Convivencia e outros documentos do centro**

- 1. NOF páx. 8
- 2. PAT páxs. 8 e 9
- 3. PAD páx. 9

## **4. Responsables das actuacións** páxs. 9 e 10

## **5. Temporalización** páx. 10

## **6. Indicadores de logro e instrumentos de avaliación** páxs. 9 e 10

## **7. Anexos**

- 1. Actividades formativas para o alumnado relativas á convivencia páx. 11
- 2. Enquisa sobre a convivencia para o alumnado páx. 11
- 3. Cuestionario relativo á convivencia e ao plan de convivencia a debater nos órganos correspondentes páxs. 11 e 12

## **1. Situación e contexto**

### **1.1. O centro**

O I.E.S. Manuel García Barros está situado na chamada «zona escolar da Estrada», na rúa da Cultura, ao carón dos outros dous centros de ensino medio públicos do concello: o I.E.S. Nº 1 e o I.E.S. Antón Losada Diéguez. O edificio no que actualmente se imparten as clases, foi inaugurado no 1983 e ampliado sucesivamente nos anos 1988 e 1990.

O centro adscrito de primaria é o C.E.I.P. Pérez Viondi. No Bacharelato o centro recibe alumnado do I.E.S. Nº1 e do I.E.S. Antón Losada Diéguez, e en menor cuantía doutros centros públicos e privados do concello e dos concellos lindeiros.

Para este curso 2018-2019 a oferta educativa é de tres liñas tanto para a ESO como para o bacharelato. En bacharelato impártense as modalidades de ciencias, artes, e humanidades e ciencias sociais.

O alumnado matriculado para este curso sitúase arredor dos 430 alumnos. A maioría do alumnado procede da capital do concello aínda que con incorporacións, ocasionais na ESO, e moi significativas no bacharelato, de alumnado do resto do concello. Apenas hai alumnado dos concellos lindeiros.

A maioría do noso alumnado podería situarse nun nivel medio ou medio-baixo en canto a situación socio-económica, cun predominio dos pais empregados nos sectores secundario e terciario, fronte a un residual sector primario porcentualmente irrelevante.

O alumnado inmigrante con problemas de integración é pouco relevante, como tamén o é a presenza de alumnado con N.E.E.

### **1.2. A convivencia no 2017-2018**

Durante o curso o curso 2017-2018 o clima de convivencia foi positivo. A conflitividade existente quedou recollida e rexistrada en Xefatura de Estudos, dende onde, como vén sucedendo nos últimos cursos, se coordina todo o referido á convivencia no centro.

#### **1.2.a. Partes ordinarios:**

47 (98 % a alumnado da ESO por cuestións de actitude e pequenos conflitos con compañeiros)

#### **1.2.b. Expulsións de ata 3 días:**

1. Unha expulsión de 1 día de un alumno de 1º da ESO.

2. Dúas expulsións de 3 días a dous alumnos diferentes de 2º da ESO.
3. Tres expulsións de 2, 3 e 3 días respectivamente a un mesmo alumno de 2º da ESO.
4. Un parte sancionado coa privación de asistencia á clase de Francés por un período de tres días a un alumno de 2º ESO.

### **1.2.c. Expedientes disciplinarios:**

Tres expedientes disciplinarios, dous a un mesmo alumno, que foron resoltos cunha expulsión de 5 días a un alumno de 3º da ESO, e con expulsións de 10 e 29 días respectivamente a un alumno de 2º ESO, o primeiro por acumulación de partes o longo do curso, e o segundo pola comisión dunha falta moi grave.

## **2. Concreción das actuacións para o curso 2018-2019**

### **2.1. Obxectivos**

En relación aos diferentes aspectos a mellorar sinalados na Memoria de Convivencia do curso 2017-2018, durante o 2018-2019 haberá 6 obxectivos básicos:

1. Redución da conflictividade *de baixa intensidade* na ESO.
2. Adopción de acordos entre o profesorado respecto dos criterios de esixencia de normas e tratamento da disciplina coa finalidade de manter unha liña de conduta coherente, uniforme e sistemática.
3. Esixencia do cumprimento das normas por parte do profesorado, con independencia de que sexa ou non titor, a todo o alumnado do centro naquelas situacións que o requiran.
4. Vixilancia das zonas comúns en dous momentos clave, cambios de clase e recreos.
5. Inclusión na programación xeral anual dun plan de mellora da convivencia adoptando obxectivos claros, consensuados e asumidos por toda a Comunidade e Educativa que terán como referencia o plan de convivencia.
6. Desenvolvemento dun programa de formación en resolución de conflitos. O proxecto con todo o alumnado de 1ºESO e o profesorado que queira participar no grupo de traballo:
  - ✓ A formación realizarase, a través de contidos socio-emocionais, ao longo do curso para o profesorado e no 1º trimestre para o alumnado.
  - ✓ Ao alumnado de 1ºESO proporáselle escoller na hora de titoría un equipo formado por 3 ou 4 alumnas ou alumnos que serán os encargados de axudar na convivencia como “Equipo de axudantes á convivencia”. No primeiro trimestre formaríase un equipo por clase que comezaría a recibir formación.

- ✓ No 2º trimestre xa poderían comezar a actuar. A súa función é escoitar os problemas de convivencia que os seus compañeiros lles transmitan e intentar, en equipo, minimizar as causas do problema. Cada equipo terá un profesor acompañante da convivencia co cal se reunirán periodicamente para expoñer dúbidas e sentirse acompañados ao longo do curso.

## **2.2. Formación**

1. Elaboración de orientacións e protocolos de actuación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos a través das NOF.
2. Promoción de actividades informativas e formativas en relación cos temas de convivencia:
  - Formación específica do profesorado:
    - ✓ elaboración de materiais e protocolos de actuación axustados ao propio centro
    - ✓ promoción da participación, no marco dos plans de formación ofertados pola Administración, en algún plan de mellora da convivencia: programas específicos de resolución de conflitos, programas específicos de mediación...
    - ✓ constitución dun seminario de formación permanente en torno á convivencia positiva e o apoio entre iguais.
  - Formación de familias:
    - ✓ información nas horas de atención a pais e nais sobre pautas para previr o acoso e outras formas de violencia desde a familia.
  - Formación do alumnado a través de obradoiros impartidos por especialistas nas aulas:
    - ✓ técnicas de resolución pacífica de conflitos
    - ✓ prevención de condutas violentas
    - ✓ uso positivo das TIC
    - ✓ a mediación como técnica de resolución de conflitos
    - ✓ convivencia positiva e apoio entre iguais.

## **2.3. Relacións interpersoais**

1. Potenciar a participación de todo o alumnado nos diferentes ámbitos da vida do centro evitando as exclusións.
2. Coidar as relacións entre o profesorado e do profesorado coas familias, de xeito que constitúan un modelo para as relacións entre o alumnado.

3. Ensinar a dialogar como un medio para confrontar ideas, defender os nosos puntos de vista, e argumentalos, fomentando todas as actitudes básicas que o fan posible (escoita, comprensión, respecto das formulacións das outras persoas, argumentación, sinceridade e calma ...), para facer do diálogo unha estratexia habitual nas situacións da vida do centro.
4. Formular como obxectivo educativo aprender a traballar en grupo, planificando a súa consecución e valorando o seu logro nas avaliacións.
5. Potenciar o traballo en equipo do profesorado como medio para desenvolver un proxecto común de centro e desenvolver unha cultura de colaboración.
6. Introducir estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
7. Proporcionarlle ao alumnado unha educación para a igualdade entre mulleres e homes e regular e especificar nas NOF do centro as medidas de corrección de comportamentos sexistas seguindo a normativa vixente.
8. Propoñerlles aos departamentos a través da CCP que inclúan na programación polo menos unha medida conducente a cumprir con este obxectivo:
  - ✓ Fomentar valores de participación, solidariedade e tolerancia, respectando o principio de non discriminación entre os sexos.
  - ✓ Cuestionar e rexeitar os estereotipos sexistas (na publicidade, na linguaxe, nas relacións interpersoais ...).
  - ✓ Valorar a necesidade de fomentar por igual expectativas profesionais para homes e mulleres.
  - ✓ Dar a coñecer a contribución feita polas mulleres nos diferentes campos do saber.

## **2.4. Intervención directa**

1. Revisar e difundir os protocolos de actuación fronte aos conflitos no centro:
  - ✓ Documentación (partes de incidencias e diario de convivencia).
  - ✓ Actuacións do profesorado de aula, do profesorado titor e do departamento de orientación e do equipo directivo.
2. Rexistrar os conflitos que se producen no centro a través de un *Diario de Convivencia* co fin de ter unha visión real da convivencia no centro que permita, fundamentándose na evidencia, introducir as modificacións necesarias para a regulación da convivencia do centro.
3. Elaborar un calendario de gardas para a *aula de convivencia inclusiva*.
4. Solicitar o apoio e asesoramento do departamento de Orientación ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
5. Aplicar a mediación e o diálogo como técnica de resolución de conflitos.
6. Coordinar accións no primeiro curso da ESO mediante unha reunión semanal de titores, Xefatura de Estudos e Orientación.

## **2.5. Difusión na Comunidade Educativa**

1. Presentación do Plan de Convivencia ao profesorado:
  - ✓ Realización dun claustro extraordinario para a presentación do plan de convivencia tras a súa revisión e aprobación
  - ✓ Entrega de carpetas informáticas que conteñan o Plan de Convivencia e todos os documentos do centro directamente relacionados
  - ✓ Entrega dun documento resumo do Plan de Convivencia no que se recollan os aspectos esenciais referidos a normas e procedementos de actuación
2. Presentación do Plan de Convivencia ao persoal non docente.
3. Dar a coñecer entre o alumnado o Plan de Convivencia e as NOF:
  - ✓ na xunta de delegados dende Xefatura de Estudos
  - ✓ nas aulas a través dos titores
4. Informar a nais e pais ou titores legais nas reunións de inicio de curso sobre o Plan de Convivencia e NOF a través da páxina web do Centro.
5. Incluír na web do centro información sobre a aplicación e contidos do Plan de Convivencia para contribuír á súa difusión entre a Comunidade Educativa.

## **3. Relación entre as actuacións do Plan de Convivencia e outros documentos do centro**

Os diferentes documentos do centro deberán de ser revisados de cara a contemplar de xeito efectivo todos aqueles aspectos encamiñados a regular e mellorar a convivencia.

### **3.1. Normas de organización e funcionamento (NOF)**

1. Recoller os principios educativos básicos que deben de ser sinal do centro referidos a dereitos e deberes, diálogo, respecto á diversidade...
2. Contemplan medidas de revisión e mellora, cunha clara finalidade educativa, con indicación das persoas competentes para a súa aplicación e os tempos para levalas a cabo.
3. Establecer os protocolos básicos de actuación ante distintas situacións relacionadas coa convivencia: conflitos, acoso escolar, apertura de expedientes disciplinarios...

### **3.2. Plan de acción tutorial (PAT)**

Debe incorporar nos seus obxectivos referencias explícitas ás fórmulas necesarias para mellorar o clima de convivencia a través da figura do titor polo seu papel esencial de conexión e comunicación entre alumnado, profesorado e familias, con especial atención a:

1. Promover a participación das familias no labor formativo, e informar o alumnado e as familias ao comezo do curso sobre a vida no centro, especialmente dos principais aspectos que figuran na NOF e na programación xeral.
2. Diseñar e desenvolver, en colaboración co departamento de orientación, estratexias de detección precoz de dificultades de convivencia e de relación.
3. Incorporar a convivencia aos aspectos que se deben incluír nas sesións de avaliación dos grupos.

### **3.3. Plan de atención á diversidade (PAD)**

No PAD, e referido ao Plan de Convivencia, concretaranse aspectos básicos para a convivencia do centro como:

1. Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
2. Establecer procedementos para a atención e integración do alumnado procedente do estranxeiro, así como a elaboración de protocolos de acollida que favorezan a súa integración .

## **4. Responsables das actuacións**

Individual e colectivamente nos diferentes órganos, todos os membros da Comunidade educativa debemos de ser responsables do cumprimento, revisión e mellora da concreción do Plan de Convivencia.

Destacaremos tres figuras esenciais e con funcións específicas:

1. Os titores, como coordinadores de grupo e nexos de unión entre alumnos, equipo docente de grupo e familias.
2. Dirección e Xefatura de Estudos que asumen as labores de coordinación:
  - ✓ Impulsando dende Vicedirección a participación do centro en obradoiros directamente relacionados coa Convivencia a través do Plan Director (ANEXO I).
  - ✓ Elaborando o Diario de Convivencia.
  - ✓ Proporcionando información periódica ao resto do profesorado e á Comisión de Convivencia.
  - ✓ Coordinando todas as actuacións relativas á Convivencia no centro.



3. Orientación, en colaboración cos titores, promovendo o desenvolvemento de charlas e obradoiros formativos (ANEXO I) relacionados coa Convivencia, recollendo na súa labor diaria e nos diferentes plans de traballo suxestións e propostas relativas á mesma, e elaborando e aplicando un Programa de Habilidades Sociais (ANEXO IV -12.4- do Plan de Orientación).

## **5. Temporalización**

### **1. Primeiro trimestre:**

- Elaboración da concreción anual do Plan de Convivencia.
- Revisión, actualización e difusión do Plan de Convivencia.
- Elaboración dun calendario de gardas para a *aula de convivencia inclusiva*.
- Elaboración do Diario de Convivencia.
- Elaboración dun calendario de actividades formativas relativas á Convivencia.
- Desenvolvemento de actividades formativas relativas á Convivencia segundo o calendario aprobado.

### **2. Segundo trimestre:**

- Elaboración do Diario de Convivencia.
- Desenvolvemento de actividades formativas relativas á Convivencia segundo o calendario aprobado.

### **3. Terceiro trimestre:**

- Elaboración do Diario de Convivencia.
- Desenvolvemento de actividades formativas relativas á Convivencia segundo o calendario aprobado.
- Avaliación do clima de convivencia e do Plan a través de enquisas (ANEXO II).
- Avaliación do clima de convivencia e do Plan a través do debate e da elaboración de cuestionarios na Comisión de Convivencia (ANEXO III).
- Elaboración e publicación da memoria anual a presentar nos diferentes órganos de coordinación e a incluír na Memoria Anual do Centro.

## **6. Indicadores de logro e instrumentos de avaliación**

1. Elaboración de un Diario de Convivencia ao longo do curso como base para a elaboración dunha memoria a presentar ante os diferentes órganos a final de curso.

2. Cumplimentación entre o alumnado de enquisas valorativas acerca do clima de convivencia a través dos titores. Os resultados serán presentados en xuño ao Claustro e á Comisión de Convivencia como elemento de reflexión e debate (ANEXO II).

3. Cumplimentación dun cuestionario valorativo sobre o Plan de Convivencia a debatir e cumprimentar na Comisión de Convivencia (ANEXO III)

4. Elaboración da *Memoria final de curso*, incluíndo valoracións de todos os sectores implicados, sobre as repercusións das medidas adoptadas na vida do centro respecto da convivencia

## **7. Anexos**

### **ANEXO I:**

#### **Actividades formativas para o alumnado relativas á convivencia**

1. *Plan Director* do Ministerio do Interior:

- Charlas sobre "Acoso Escolar" para 1º da ESO

2. Obradoiros promovidos dende Orientación e outros departamentos:

- Autoestima (1º da ESO)
- Prevención de condutas aditivas (1º da ESO)
- Perigos e adicións nas novas tecnoloxías "Navega con rumbo" (2º da ESO)
- Prevención da violencia de xénero (2º da ESO)
- Hábitos de consumo (3º da ESO)
- Proxecto SENDA (3º ESO)
- Autoaceptación (4º da ESO)
- Marca personal (4º da ESO)

### **ANEXO II:**

#### **Enquisa sobre a convivencia para o alumnado**

Seguiremos o modelo de enquisa desenvolvida pola consellería de Educación a través da *Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020*.

Ver:

[http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/estratexia\\_galega\\_convivencia\\_informe\\_resumo\\_diagnostico\\_final\\_.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/estratexia_galega_convivencia_informe_resumo_diagnostico_final_.pdf)

### **ANEXO III:**

#### **Cuestionario relativo á convivencia e ao plan de convivencia a debater nos órganos correspondentes**

##### **Aspectos a valorar:**

1. Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior.
2. Alcance do Plan de Convivencia.
3. Cumprimento dos obxectivos propostos na concreción anual do Plan de Convivencia.
4. Desenvolvemento e valoración das actividades incluídas na concreción anual.
5. Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa.
6. Funcionamento da comisión de convivencia do centro.
7. Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia.
8. Coñecemento, seguimento e eficacia dos protocolos de actuación en situacións de conflito.
9. Coñecemento, seguimento e eficacia dos protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso.
10. Coñecemento e uso da aula de convivencia inclusiva.
11. Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos.
12. Valoración global da situación da convivencia escolar no centro.